

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 15 DE SETEMBRO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día quince de setembro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Fco. Xabier Carreira Sebío e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudo dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 10 de setembro do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1º.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.- Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Milagros Alvarez Montero** con domicilio na Rúa Baixada ao Consello, nº21, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 5447. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 10.09.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Rúa Baixada ao Consello, nº21, Ribadavia, a solicitude Dona Milagros Alvarez Montero de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

2.- Solicitud de información urbanística interesada por **Don Alfredo Domínguez Rodríguez** con domicilio en Sampaio, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 3652. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 10.09.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Antigua N-120, Sampaio, Ribadavia, a solicitude Don Alfredo Domínguez Rodríguez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

2º.- Escrito de AQUALIA con data de RE 12.09.08 e núm. RE 5564 donde remite o Expediente sancionador incoado contra Aqualia e o Concello de Ribadavia pola CHN expediente S/32/0145/07/V (sobre pozo de rexistro que alcanza o río Outeiro, na zona do campo de futbol de Francelos)

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

Comunicación da Consellería de Innovación e Industria con data de rexistro de entrada 11-09-2008 relativa ao outorgamento de subvención por importe de 15.000 euros

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ABXUDICACION DEFINITIVA

Ponse de manifesto a Xunta De Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado con publicidade a obra “Recuperación Do Casco Histórico De Ribadavia Infraestructuras Xerais, Rúa Salgado Moscoso”, segundo proxecto redactado por Enxeñeiro Industrial Don Casimiro Fontenla Bugallo, e con data de acta de replanteo 2 de xuño de 2008.

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foron aprobados ó sete de xullo de 2008, presentándose as seguintes empresas trala publicación dos anuncios nos Bolentíns Oficiais pertinentes: CARRAJO HERMANOS S.A, e SUSO FERNÁNDEZ,S.L.U xunto con LOSADA MOURELO SL en UTE, procedéndose a abxudicación provisional mediante acordo de data 11-08-2008 a empresa HERMANOS CARRAJO S.A, publicándose no bop e notificándose aos afectados .

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local aprobou por unanimidade os seguintes acordos:

1-Abxudicar definitivamente a obra “Recuperación do casco Histórico de Ribadavia, Rúa Salgado Moscoso” a empresa Hermanos Carrajo, S.A.

2-A formalización do contrato realizarase dentro dos 30 días naturais seguintes a da notificación do acordo de abxudicación definitiva, facultándose ao Sr Alcalde para a sinatura do mesmo.

3-Antes do inicio das obras debe incorporarse el acta de comprobación del replanteo.

APROBACION DE PROXECTO DENOMINADO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO VIÑO.

Dase conta por parte do secretario da proposta do concelleiro de Medio Rural Don Xabier Carreira Sebío relativa a aprobación do proxecto “*Centro de Interpretación do Viño*”.

No expediente constan os seguintes documentos:

1º.- Memoria redactado con data de 10 de setembro de 2008.

2º.- Orzamento firmado por Don Jose Benito Dávila Fuertes e por importe de 928 euros iva incluído.

3º.- Declaración responsable de no estar incurso en prohibición de contratar firmado por Don Jose Benito Dávila Fuertes.

4º.- Acta de replanteo de data 15 de setembro de 2008.

5º.- Consta informe de intervención de data 15.09.08 no que se fai referencia a existencia de dotación orzamentaria para este gasto.

O secretario informa verbalmente de que a lexislación contractual para este tipo de obras esixe cando menos un proxecto simplificado que non pode chamarse memoria e debería remitirse informe técnico para comprobar si se cumpren ou non os requisitos da normativa contractual.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a adxudicación do contrato de Elaboración do proxecto “Centro de Interpretación do Viño” a Don Jose Benito Dávila Fuertes por importe de 928 euros e a aprobación da memoria “Centro de Interpretación do Viño” por importe de 928 euros.

APROBACION DO EXPEDIENTE DE CONTRATACION

Dase conta por parte do Secretario da proposta do concelleiro de Medio Rural Don Xabier Carreira Sebio relativa a aprobación do expediente de contratación da obra “*Centro de Interpretación do Viño*” mediante procedemento negociado sen publicidade.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º- Memoria de data Setembro do 2008 denominado “*Centro de Interpretación do Viño*” elaborado polo Arquitecto Don Jose Benito Dávila Fuertes.

2º- Proposta do concelleiro de Medio Rural de data 12.09.08 en cumprimento do art. 22 da Lei 30/2007.

3º- Acta de replanteo de data 15 de setembro do 2008 e realizada polo polo Arquitecto Don Jose Benito Dávila Fuertes.

4º.- Dictamen favorable da Comisión de Seguimento do PEPRI de data 09.09.08.

6º- Informe de Secretaría de data 12.09.08 no que se fan as seguintes consideracións:

1ª. De conformidade cos artigos 107 e 126 e seguintes da Lei de Contratos , no expediente debe constar o correspondente proxecto que en determinados casos se poderá simplificar de acordo co art. 107.2º de Lei 30/2007, pero que en ningún caso se poderá substituír o proxecto por unha memoria como parece ser o caso polo cal debería evacuarse informe técnico que determine si se cumpren ou non os requisitos para consideralo como proxecto simplificado. Consta a correspondente acta de replanteo de data 15.09.08 comprobando a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos para a súa execución.

2ª. No expediente consta o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que cumpre os requisitos da normativa contractual, a xuízo desta Secretaría.

3ª. Antes da adopción do acordo polo órgano competente, procede á emisión de informe de existencia de consignación orzamentaria, sen prexuízo da fiscalización de legalidade por parte da Intervención municipal de acordo co art. 93 da Lei 30/2007.

4ª. A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para proceder á aprobación do expediente de contratación conforme ao establecido no Decreto de Delegación de competencias de Alcaldía en Xunta de Goberno.

5ª. Unha vez aprobado o expediente de contratación, procederase á invitación de tres empresas sen que sexa necesaria a publicación nos BO pertinenetes de conformidade co artigo 161.2º ao ser o contrato de cuantía inferior a 200.000 euros.

6ª- De conformidade co art. 295 paragrafo 1º nos procedementos negociados que esixan publicidade será preceptiva a constitución da mesa de contratación, polo cal no caso concreto é potestativa.

7ª. *En principio procedería á publicación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de conformidade co artigo 122 do T.R.R.L. en relación coa STS de 22-06-04, non obstante, a nova Lei 30/2007 deroga expresamente o art. 122 do TRRL de xeito que os pregos non son obxecto de publicación*

CONCLUSIÓNS.-

Infórmase favorablemente en canto á legalidade do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no referido á inclusión da correcta documentación no expediente de contratación, salvo no referente a memoria que debería chamarse proxecto, e en calquera caso cumprir a inclusión da documentación necesaria prevista na normativa legal ao efecto.

7º- Informe de intervención no que se fan as seguintes consideracións:
“No presuposto total, o gasto 2. Adquisición de materiais dotado con 9.000€ e 3. Outras inversións materiais dotado con 90.000€ están destinadas integramente a creación do Centro de Interpretación do Viño”
“Reitero o manifestado polo Secretario no informe de data 12.09.08 sobre o expediente de contratación da obra referenciada”

8º.- Prego de Clausulas Administrativas Particulares de data 10.09.08.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1º.- Aprobación do expediente de contratación conforme as previsións dos artigos 93 e disposición adicional 2º da L.C.S.P..

2º.- Aprobación do concelleiro de Medio Rural un gasto por importe de 97.169,55 €

3º.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, e abrir a fase de licitación mediante invitación a tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

APROBACIÓN DE BASES SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL.

Dase conta por parte do secretario da proposta do concelleiro de cultura relativa a aprobación de bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir un posto de oficial de instalacións deportivas.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º.- Proposta do Concelleiro

2º.- Informe xurídico de data 12.09.08 no que se fan as seguintes consideracións:

1ª.- O artigo 61.7 da Lei 7/2007 establece que os sistemas selectivos do persoal laboral serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior e no seu caso o concurso de valoración de meritos.

2ª.- O artigo 61 parágrafo 6º establece que respecto dos funcionarios de carreira os sistemas selectivos serán os de oposición e os de concurso-oposición, pudiéndose aplicar o sistema de concurso con carácter excepcional e só a través de norma con rango de lei.

Ambos artigos de conformidade coa disposición final primeira da citada lei teñen a consideración de lexislación básica, a dicir de obrigado cumprimento para todas as Administracións Públicas.

3ª.- Por outra banda o artigo 2 do RD 896/91 establece como norma xeral de acceso a oposición salvo que pola natureza das prazas sexa máis adecuada o sistema de concurso-oposición ou concurso, a cal en calquera caso debería ir acompañada da

suficiente motivación, precepto que tamén ten carácter básico en base a disposición final 1ª do citado RD.

4ª.- Así se entendemos que o acceso ao Emprego Público debe estar guiada polos principios recollidos no artigo 103.3 da Constitución e dicir igualdade, merito e capacidade e que o artigo 61 paragrafo 6º limita o sistema de concurso a norma con rango de lei, parece que a posibilidade de que o persoal laboral acceda mediante concurso pode contrariar o art. 14 da Constitución, non obstante e mentres non haxa pronunciamentos xursiprudencial ao respecto pode utilizarse o sistema de concurso posto que así o prevé expresamente a Lei (art. 61.7 da Lei 7/2007).

5ª.- Así mesmo de conformidade coa interpretación dos art. 167 e 175 do Texto Refundido do Réxime Local mantida polo profesor Pérez Luque os postos reservados a persoal laboral serían exclusivamente os de oficios, postura que non obstante podería estar matizada pola Lei 4/88 de Función Pública de Galicia.

6ª.- Respecto do contido das bases partindo da ausencia de regulación expresa para a selección do persoal laboral temporal (Disposición Adicional Segunda do RD 896/91) considero cumpridos adecuadamente os principios que deben informar a selección deste persoal, isto é principios de igualdade, mérito e capacidade.

CONCLUSIONES

En base os argumentos esgrimidos anteriormente informase favorablemente a aprobación das bases da selección para persoal laboral temporal para Operario de instalacións deportivas a través de contrato de obra ou servicio determinado.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a aprobación das Bases para selección de persoal laboral temporal mediante o sistema de concurso para cubrir unha praza de Oficial de Instalacións deportivas.

CONVENIO DE COLABORACIÓN

Dase conta por parte do secretario da proposta de convenio de colaboración a celebrar entre o concello de Ribadabia e a CruzVermella para a prestación de clases de Xerontoximnasia no polideportivo municipal.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a aprobación do convenio de colaboración antedito, facultando ao Sr Alcalde para a súa firma.

CONVENIO DE COLABORACIÓN

Dase conta por parte do secretario da proposta de convenio de colaboración a celebrar entre o concello de Ribadabia e a empresa fisioterapia Córpo para a prestación do servizo de fisioterapia específicos, así como asesoramento e atención aos técnicos do Servicio Municipal de Deportes.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a aprobación do convenio de colaboración antedito, facultando ao Sr Alcalde para a súa firma.

CONVENIO DE COLABORACIÓN

Dase conta por parte do secretario da proposta de convenio de colaboración a celebrar entre o concello de Ribadabia e a empresa MIZUKAMI ESCULA DE KARATE SHOTOKAN para a prestación do servizo para a actividade de Karate-do nas instalacións deportivas do Concello de Ribadavia.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a aprobación do convenio de colaboración antedito, facultando ao Sr Alcalde para a súa firma.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO